

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA 02/2021 CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 25/02/2021.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Alcalde-Presidente:

Secundino García Casal

Asistentes:

BNG:

María del Carmen Muiño Filgueira

Manuel Varela Mecías

María Amparo Calvo González

Manuel Beceiro Couce

Ana Belén Breijo Gundín

Tomás Calvo García

PP:

María Belén Trigo Meizoso

María Esther Díaz Vergara

José Luis Hermida Prieto

PSOE:

Lois Anxo Rodríguez Calvo

Secretario-interventor:

Miguel A. Arroyo Moreno

Na Casa da Cultura do Concello de San Sadurniño, sendo as trece horas e seis minutos do día vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e un, comparecen as concelleiras e concelleiros arriba indicados, en presenza do devandito secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, iníciase a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

I.- PARTE RESOLUTIVA:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ORDINARIA DO 28/01/2021).

Dase conta da acta da indicada sesión.

Dase conta de seguido polo Secretario da corrección dun erro aritmético detectado na acta de que se trata, no punto correspondente á solicitude de participación no POS 2021 da Deputación. No cadro dos gastos sociais extraordinarios previstos para 2021 e que se prevé financiar coa axuda provincial, alterouse a orde das cantidades que recolle, de maneira que esas cantidades, aínda que correctas, aparecían desordenadas, fora das columnas que lles correspondían nese cadro. O cadro que recolle correctamente as cifras da solicitude é o seguinte:


GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	27.000,00 €	0,00 €	27.000,00 €
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	240.000,00 €	160.000,00 €	80.000,00 €
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	14.654,69 €	7.000,00 €	7.654,69 €
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €
T O T A L	284.654,69 €	167.000,00 €	117.654,69 €

A Corporación queda enterada da corrección efectuada.


Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación coa acta da sesión ordinaria do 28/01/2021. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO.- ACORDO PARA CORRECCIÓN DE ERRO NA INSCRIPCIÓN DUN CAMIÑO PÚBLICO NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS.

Dase conta do informe-proposta redactado pola arquitecta municipal, tras a solicitude dunha veciña do lugar da Fraguela, da parroquia de Naraío, de rectificación da inscrición no Inventario Municipal de Camiños do camiño público SS-1062, ubicado nese núcleo, para dar acceso a dúas vivendas, as sinaladas cos números 4 e 5 dese lugar da Fraguela. A situación actual dese camiño apreciase no seguinte plano:



E o resultado da corrección proposta indícase no seguinte plano, coa superficie que se inclúe coloreada en gris:



Dase conta do informe favorable emitido en relación co asunto pola Secretaría-intervención do Concello, que figura no expediente remitido ás concelleiras e concelleiros que integran o Pleno.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a indicada corrección na ficha do camiño nº SS-1602 do Inventario de Camiños que forma parte do Inventario Municipal de Bens do Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e once minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,